

# FEDERACIÓN GALEGA DE RUGBY

Avda. de Glasgow 11 – 15008 A CORUÑA

Teléfono: (34) 981 137402

Móvil: (34) 687 218473

Fax: (34) 981 299005



FEDERACIÓN GALEGA DE RUGBY  
F.G.R.

Internet: [www.fegarugby.com](http://www.fegarugby.com)

E-mail: [secretaria@fegarugby.com](mailto:secretaria@fegarugby.com)

## ***RESOLUCIÓNS DO XUÍZ ÚNICO DE COMPETICION DO 6 DE FEBREIRO DO 2008.-***

### **A) ENCONTRO LIGA SENIOR: ZALAETA “B” – INGLESES.-**

Á vista dos escritos presentados polos dous Clubs, solicitando de mutuo acordo o Aprazamento do partido.

É polo que

#### ***DETERMÍNASE***

**Aceptar o devandito APRAZAMENTO** para xogar este encontro o 15 de Marzo do 2008; en base ao artigo 47 do RPC.

### **B) RENUNCIAS A COPA XUNTA 2008.-**

Á vista do escrito presentado polo Club VIGO, comunicando a súa RENUNCIA a participar na Copa Xunta 2008 de su equipo “B”.

Á vista do escrito presentado polo Club ZALAETA, comunicando a súa RENUNCIA a participar na Copa Xunta 2008 de su equipo “B”.

É polo que

#### ***DETERMÍNASE***

**ELIMINAR** do calendario da Copa Xunta 2008 os equipos de Vigo “B” e Zalaeta “B”; e polo tanto o equipo CRAT pasa á seguinte eliminatoria na 3º xornada do 8/9-Marzo-2008 como gañador 5. En base o Art. 35 do RPC.

### **C) ENCONTRO LIGA SENIOR: INGLESES – VIGO “B”.-**

Á vista do escrito presentado polo Club VIGO o 1/II/08 as 23.52 hs.comunicando a imposibilidade de contar cun número suficiente de xogadores para a disputa do encontro o día 2/II/08. Que avisaron tamen o Club OS INGLESES e ao árbitro Sr. Cobas antes do envío do escrito á FGR.

# FEDERACIÓN GALEGA DE RUGBY

Avda. de Glasgow 11 – 15008 A CORUÑA

Teléfono: (34) 981 137402  
Móvil: (34) 687 218473  
Fax: (34) 981 299005



FEDERACIÓN GALEGA DE RUGBY  
F.G.R.

Internet: [www.fegarugby.com](http://www.fegarugby.com)  
E-mail: [secretaria@fegarugby.com](mailto:secretaria@fegarugby.com)

É polo que

## ***DETERMÍNASE***

**PRIMEIRO.-** Dar como **vencedor do encontro ó equipo OS INGLESES** polo resultado de **SETE (7) a CERO (0)**, e **outorgarlle CINCO (5) puntos**, segundo o Art. 37,1 A) do RPC.

**SEGUNDO.- Sancionar ó Club VIGO con MULTA de DOUSCENTOS (200) €** POR INCOMPARECENCIA NON AVISADA ca antelación prevista no Art . 103 c) do RPC. FALTA GRAVE.

Esta cantidade deberá ingresarse na Conta Bancaria da FGR antes do 21 de Febreiro do 2008; como se determina no punto 14º, 4º da NCG

**TERCEIRO.- Descontarlle ó equipo VIGO “B” DOUS (2) puntos** na sua clasificación, como determina o artigo 37.1.A) do RPC.

Contra estas Resolucións, poderase interpor un Recurso ante o Comité de Apelación da FGR, presentando o mesmo ante esta Federación no prazo de CINCO (5) DIAS HÁBILES. En base o Art. 85 do RPC.

A Coruña, 6 de Febreiro do 2008

Oscar Lodeiro Hermida

Secretario Xeral da FGR